

# PREGUNTAS



## 1. Por que me interesa rehabilitar?

A rehabilitación da túa vivenda ou do teu edificio proporciónache numerosos beneficios:

- Aumenta o valor da vivenda.
- Mellora a súa eficiencia enerxética, salubridade e confort.
- Reduce os consumos e gastos de electricidade e calefacción.
- Soluciona e prevén humidades e outros estragos.
- Mellora a accesibilidade.
- Permite adaptar a vivenda ao teu estilo de vida.

## 2. Que obras podo facer para non pasar calor en verán ou frío en inverno?

Algunhas das obras que podes facer son, entre outras:

- Instalar unhas boas ventás con, polo menos, vidro dobre e control solar.
- Illar as fachadas e o tellado do edificio.
- Mellorar a eficiencia do sistema de calefacción, poñer reguladores de temperatura...

En realidade, hai moitas opcións, pero cada vivenda ou edificio é distinto e non se poden dar fórmulas xerais. Por iso, é necesario o diagnóstico dun arquitecto ou arquitecta para que te asesore con rigor.

## 3. Como podo saber se a miña vivenda necesita ser rehabilitada?

Se non estás ben na casa porque pasas moito frío ou demasiada calor, pagas moita calefacción, dispáranseche os custos da electricidade, hai humidades ou manchas de mofo nas paredes... é o momento de rehabilitar!

## 4. Necesito permisos para rehabilitar a miña vivenda?

Si. Sempre terás que informarte do tipo de autorización ou licenza que require a obra que vas facer. Coidado porque a propiedade (é dicir, ti) é a responsable de solicitala axeitadamente. Cando traballes cun arquitecto/a, informarate de todo.

## 5. Que beneficios supón contar cun arquitecto ou arquitecta para a rehabilitación da miña vivenda?

O arquitecto/a é un profesional capacitado para deseñar e coordinar a construción ou rehabilitación de edificios. Contratar a un arquitecto/a para xestionar a rehabilitación dunha vivenda resulta moi útil porque te acompañará durante todo o proceso, escoitándote para dar resposta adecuada ás túas necesidades e coidando dos teus intereses: a túa economía, a túa seguridade, o teu benestar... e preocuparase de que a obra se execute correctamente.

Lembra... o arquitecto/a ofrecerache supervisión e asesoramento durante todo o proxecto e axudarate a:

- Preparar toda a documentación necesaria.
- Xestionar axudas e subvencións.
- Controlar todo o proceso da obra, de principio a fin.
- Comparar ofertas e elixir as mellores solucións técnicas.

O arquitecto asegurarse de que as obras se executen tal e como se acorde no contrato e evitará que se realicen operacións innecesarias ou erróneas que poidan aumentar os custos.

## 6. Resulta caro contar cun arquitecto ou arquitecta?

Non. Contratar a un arquitecto ou arquitecta para rehabilitar o teu fogar ou o teu edificio é a garantía para conseguir os mellores resultados, sen imprevistos e sen duplicidade de obras. Ademais, é o profesional máis cualificado para facerche un diagnóstico preciso das necesidades da túa vivenda ou edificio e, en función delas, ofrecerche un programa de intervención axeitado, que che permitirá optimizar recursos e aproveitar os beneficios da rehabilitación.

## 7. Como podo atopar o meu arquitecto ou arquitecta de confianza?

Achégate ao Colexio de Arquitectos da túa cidade e pregunta pola Oficina de Apoio á Rehabilitación.

[Oficina de Apoio á Rehabilitación](#)

## 8. Na miña comunidade xa contamos cun administrador de fincas, por que deberíamos contar tamén cun arquitecto/a?

Ambos perfís contan con funcións diferenciadas e complementarias.

Un arquitecto ou arquitecta, pola súa parte, aportará a súa visión global, coñecemento e experiencia para dar solución ás túas necesidades sobre a normativa, os informes técnicos e as distintas axudas dispoñibles para facilitar ao máximo todo o proceso e que optimices recursos. Ademais, a súa presenza na obra garantirá poder corrixir a tempo posibles deficiencias, reducindo así potenciais fallos ou danos para o inmovible e o custo posterior da súa reparación.